

Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XVI

I. PULGAR, R. IGLESIAS & X. SOÑORA

*Departamento de Biología Vexetal. Facultade de Farmacia, Universidade de Santiago
15706 Santiago de Compostela*

(Recibido, mayo de 1998. Aceptado, junio de 1998)

Resumo

PULGAR, I., IGLESIAS, R. & SOÑORA, X. (1998). Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XVI. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8: 91-94

Faise referencia á distribución ou presenza de 16 taxons en Galicia. Algúns son novidades para o territorio, outros para as provincias de Ourense, A Coruña ou Pontevedra. As especies que aínda non sendo novidade aparecen citadas no texto, supoñen unha ampliación na súa área de distribución ou son especies escasamente citadas na literatura.

Palabras chave: Flora vascular, coroloxía, Galicia, Península Ibérica.

Abstract

PULGAR, I., IGLESIAS, R. & SOÑORA, X. (1998). Notes on the Galician vascular flora, XVI. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8: 91-94

The article refers to the presence of 16 taxa in Galicia. Some of them are new in this area, some others are new for the provinces of Ourense, A Coruña or Pontevedra. Those species that, despite the fact of no being new are still quoted, they are an enlargement in their distribution area, or they are species barely quoted in the literature.

Key words: Vascular flora, chorology, Galicia, Iberian Peninsula.

Continuamos con este traballo o labor, iniciado hai máis dun século, de actualizar e dar a coñecer a flora presente no territorio galego. Son comentados un total de 16 taxons cun notable interese bioxeográfico. Entre eles algúns son citados por primeira vez en Galicia, outras son novas aportacións para a provincia da Coruña e Ourense ou teñen un notable interese corolóxico nestas provincias. Finalmente confirmamos a presenza dunha especie na provincia de Pontevedra que consideramos primeira cita en firme para Galicia. Chegamos a estas conclusións tras unha exahustiva revisión bibliográfica

reflectida no apartado correspondente e de numerosos pliegos pertencentes aos herbarios SANT, LOU e LEB y MA.

Crepis pulchra L.

Ourense: Cobas, 29TPH7806, 31-V-1995. Rodríguez-Oubiña & S. Ortiz, SANT 38707.

Como nitrófila nos arredores da estación do tren. Primeira cita para Galicia. Como en tantas ocasións, as vías do tren colaboran a diseminar as diásporas de certos vexetais.

Eragrostis curvula (Schard.) Nees

Ourense: Lobeira, cuneta e xesteira aclarada na marxe da nacional N-540, 29TNG791444, 450m, 24-V-1995. I. Pulgar & S. Ortiz, SANT 38814.

Primeira cita para Galicia. A súa presenza nesta zona está probablemente ligada aos traballos de recuperación de taludes da nova estrada (N-540).

Gamochaeta spicata (Lam.) Cabrera

≡ *Gnaphalium spicatum* Lam.

Ourense: Lobios, A Portaxe, antigos terreos de cultivo hoxe asulagados, en ocasións, polas augas do encoro do Lindoso, 29TNG768401, 350m, 10-V-1997. I. Pulgar, SANT 38710. Entrimo, Lantemil, 29TNG7139, 350m, solo areoso na marxe do encoro do Lindoso.

Especie de procedencia americana amplamente naturalizada nas provincias da Coruña e Pontevedra. Penetra no SO da provincia de Ourense seguindo o curso do río Limia. Este forma parte da vía migratoria Lusitano-costeira a través da cal plantas procedentes do litoral portugués penetran en territorios máis continentalizados, como os da provincia de Ourense, (Izco *et al.*, 1985:345).

Gymnadenia conopsea (L.) R. Br.

Ourense: Lobios, Serra do Xurés, Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, 29TNG781302, nacemento do Río da Amoreira entre lousas de pedra con matogueira aclarada, 1280 m, 14-VI-1995. I. Pulgar SANT 38.033. Lobios, Serra do Xurés, Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, matagueira aclarada entre grandes bloque graníticos, 1290 m, 29TNG791416.

A primeira cita desta orquidea en Galicia corresponde a MERINO (1909:80). Posteriormente CARREIRA (1955:510) e P. & S. DUPONT (1959:265) sinalana en Lugo e de novo na Coruña respectivamente. Non existen observacións desta planta nas provincias de Pontevedra e Ourense. Nesta última RODRÍGUEZ GRACIA (1997:33) indica a presenza de 28 especies, correspondentes a 12 xéneros de orquídeas. Esta é a especie número 29 que incrementa a 13 o número de xéneros de orquídeas ourensanas.

Hydrocotyle vulgaris L.

Ourense: Lobios, A Portaxe, antigos terreos de cultivo, hoxe asulagados, en ocasións, polas augas do encoro do Lindoso, 350m, 29TNG768401, 15-V-97. I. Pulgar & D. Manso, SANT 39111.

Non coñecemos nengunha cita ourensana polo que consideramos a presente como novidade provincial.

Hymenophyllum tumbrigense (L.) Sm.

A Coruña: Carnota, Montes do Pindo, por debaixo da Laxiña, 490m, 29TMH9049, 14-V-1995. R. Iglesias, SANT 33564.

Ata este momento as citas máis occidentais do continente europeo corresponden a BUJAN *et al.*, (1989:223), da bacía do Tambre e recentemente QUINTANILLA & AMIGO, (en prensa), aumentan notablemente o número de localidades na provincia da Coruña, entre elas unha de Mazaricos, río do Nosiño, no moi alonxada da nosa. Esta nova localidade dos Montes do Pindo pasa a ser a máis occidental e é tamén a única ocasión na que este fento ten sido achado fora dun ambiente nemoral, concretamente sobre una placa muscinal nas fisgas de rochedos graníticos umbrosos e húmidos que sobresaen da matogueira.

Iris boissieri Henriq.

A Coruña: Carnota, Montes do Pindo, por debaixo da Moa nas ladeiras da Orelluda, 29TMH9149, 500m, 4-VI-1995. R. Iglesias, SANT n° 36385. Carnota, Montes do Pindo, arredores da Moa, 29TMH9048, R. Iglesias, SANT 36386.

En solos pedregosos pouco profundos e fisgas de grandes bloques graníticos. Foi citado por primeira vez en Galicia por MERINO (1909:148). Tivose a este endemismo por estrictamente juresiano ata que LAÍN Z (1965: 13) ampliou de xeito notable a súa área de distribución ao citalo do Courel (Lugo). BELLOT (1968: 194) da unha localidade intermedia totalmente coherente coa ampliación corolóxica de Laínz. A nosa cita, novidade provincial, supón unha nova ampliación da área moito máis ao N e ao O.

***Juncus capillaceus* Lam.**

A Coruña: Santiago de Compostela, 29TNH3648, 260m, -1997. S. Ortiz & I. Pulgar 696, SANT 39320.

Segunda cita europea e primeira provincial deste xunco adventicio, orixinario de Sudamérica. A primeira cita europea é tamén galega (SILVA PANDO & FERNÁNDEZ CARVAJAL, 1987: 464), da provincia de Pontevedra. Segundo este autor a planta debeu de chegar a Europa nos barcos que recalaban na illa de San Simón (Redondela) para cumprir coarentena. A nosa cita da provincia da Coruña parece indicar a progresión da especie cara o interior.

***LasERPitium prutenicum* L. subsp. *duforianum* (Rouy & Camus) Tutin**

Ourense: Padrenda, Gorgua. Montes subindo de Gorgua deica Pena Rubia na marxe dunha pista forestal. Serra do Laboreiro, 29TNG717605, 800m, 11-X-1996. I. Pulgar & D. Manso, SANT 38700.

Segunda cita provincial. A primeira esta ubicada na zona oriental da provincia, concretamente en Cobas (ARENAS POSADA & GARCÍA MARTÍN, 1993). Citada en Galicia por primeira vez en Pontevedra (MERINO 1913:188).

***Lepidium latifolium* L.**

A Coruña: Ferrol, Serantes, Borde de carretera entre Ferrol e Cobas, 7-VIII-1989. X. Soñora, SANT 31813.

Novidade provincial. O mapa de distribución de BOLÓS *et al.* (1990: 124) sinala unha área de distribución que chegaría ao sul de Ourense. En Lugo foi citada por ROMERO & AMIGO (1992: 197), de Monforte, e respaldada por pliego de herbario.

***Phalaris canariensis* L.**

A Coruña: Carnota, O Pindo, 29TMH8848, 10 m, 2-VIII-1994. R. Iglesias, SANT 36618.

Viaria. Da provincia da Coruña só coñecemos un pliego de ROMERO (SANT 28404) herborizado na ribeira del Sar, en Santiago de Compostela. Dita autora non comunicou o seu achado polo que consideramos esta cita como a primeira publicada para a provincia da Coruña. En Galicia

foi citada por primeira vez por PAU (1924: 77) na súa revisión do Herbario de Planellas.

***Rorippa amphibia* (L.) Besser
= *Nasturtium amphibium* (L.) R. Br.**

Ourense: Muíños-Calvos de Randín, Río Limia, Ponte Soutelo, 29TNG8749, 550m, 2-VII-1997. I. Pulgar & D. Manso, SANT 39114.

PAU (1921:53) non admite a cita de Planellas, (*Nasturtium amphibium*), como de Galicia da que non aporta pliego. Non temos noticia dalgunha outra recolección desta planta en Galicia.

***Scilla ramburei* Boiss.**

Pontevedra: Vigo, Zamans, Casal de Abade, 29TNG2466, 450m, 5-V-1994. Ortiz & Rodríguez-Oubiña, SANT 32844. Vigo, Serra do Galijñeiro, 29TNG2465, 600m, 5-V-1994. Ortiz & Rodríguez-Oubiña, SANT 32846.

En pastizal de *Thymus caespititius* e claro de matogueira de *Ulex micranthus*. Segunda cita provincial. En Galicia só fora citada por LAÍNZ (1960:36, 1980:5) e MERINO (1906:29), como *Scilla verna* var. *ramburei* Boissier, das ladeiras da Serra do Pisco (Pitós, Muíños, Ourense), cuxo pliego nos foi imposible localizar no Herbario LOU, por lo que non poidemos cotexar este material.

***Silene marizii* Samp.
= *Melandryum viscosum* Mariz
= *Melandryum glutinosum* Rouy
= *Silene dioica* subsp. *glutinosa* (Rouy) Franco**

Ourense: Lobios, Serra do Xurés, Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, Corvelle, 29TNG779344, 1125 m, 19-VI-1997. I. Pulgar, D. Manso, C. Vello & J.L. Rubio, SANT 39113.

Subrupícola, en comunidade con *Sedum hirsutum* e *Silene acutifolia*. Segunda cita para Galicia deste endemismo do C da península e NO de Portugal. TALAVERA (1990:394) reconece a presenza desta planta en territorio español unicamente na provincia de Avila. Sen embargo MERINO (1913:194) a cita como *Melandryum glutinosum* Rouy nas cercanías de Humoso «a la vera de los caminos», cita que posteriormente foi

posta en dúbida por LAÍN Z (1967:14) tras a revisión dos exemplares recolectados por Merino. As diferencias entre *Silene marizii* e o seu parente máis próximo *S. dioica* encontráanse basicamente na ecoloxía e en pequenas diferencias morfolóxicas en canto á pilosidade do talo - en *S. marizii* moitos destes pelos son glandulares - e no tamaño dos dentes do cáliz. A falta dunha revisión máis exhaustiva, dous exemplares recolectados por nos e algúns pliegos de herbario da provincia de Ourense (SANT 23617 e 23618), herborizados por S. Ortiz parecen indicar que esta especie se estende polo sur desta provincia na que tamén aparece *S. dioica*, así como individuos intermedios entre ambas especies.

Trifolium tomentosum L.

A Coruña: Carnota, Praia de Carnota, 29TMH9142, 2m, 13-IV-1996. R. Iglesias, SANT 36892.

Na trasduna. Esta especie foi citada por primeira vez para Galicia das calizas de Vilardesilva (Rubiá, Ourense) e da estación de San Clodio (Ribas de Sil, Lugo) (LAÍN Z, 1967:25). Novidade provincial.

Umbilicus heylandianus Webb & Berthel.

=*Cotyledon praealta* (Brot.) Samp.

=*Umbilicus coutinhoi* Mariz

=*Cotyledon coutinhoi* (Mariz) Cout.

Ourense: paredons calíos entre Vilardesilva e Cobas. 29TPH7802, 11-VI-1995. Rodríguez-Oubiña, SANT nº 38706.

Primeira cita para Galicia. Non é posible a confusión con *Umbilicus gaditanus* Boiss. pois os nosos exemplares teñen 5 estames e a corola colgante, amarela e estrangulada na garganta e este último 10 estames, corola non estrangulada na garganta e flores xeralmente en posición horizontal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ARENAS POSADA, J.A. & GARCÍA MARTÍN, F. (1993). Atlas carpológico y corológico de la subfamilia

Apioidae Drude (*Umbelliferae*) en España peninsular y Baleares. *Ruizia*, **12**. C.S.I.C.

BELLOT, F. (1968). La vegetación de Galicia. *Anales del Instituto Botánico A. J. Cavanilles*, **XXIV**: 3-306.

CARREIRA, E. (1955). Contribución al estudio de la flora gallega. Plantas herborizadas en el valle de Burón (Lugo). *An. Inst. Bot. Cavanilles*, **XIII**: 499-531.

DUPONT, P. & DUPONT, S. (1959). Additions a la flore du Nord-Ouest de L'Espagne (II). *Bulletin de la Société d'Histoire Naturelle de Toulouse*, **94**: 262-272.

IZCO, J., AMIGO, J. & GUITIÁN, J. (1985). El papel de la topografía en la transición Eurosiberiana-Mediterránea en el extremo noroeste ibérico. *Colloques phytosociologiques*, **XIII**: 343-359.

LAÍN Z, M. (1960). Aportaciones al conocimiento de la flora cántabro-astur, IV. *Bol. Inst. Estud. Asturias*, *Supl. Ci.*, **1**: 3-42.

LAÍN Z, M. (1965). Em torno a flora de Portugal-III. *Anuario Soc. Brot.*, **31**: 9-13.

LAÍN Z, M. (1967). Aportaciones al conocimiento de la flora gallega, V. *Anales Inst. Forest. Invest. Exp.*, **12**: 1-51.

LAÍN Z, M. (1980). Algunas observaciones a propósito de "Flora Europaea" volumen V. *Bol. Ci. Naturaleza I.D.E.A.*, **26**: 3-10.

MERINO, B. (1905-1909). *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*. I, II y III. Tipografía Galaica, Santiago de Compostela.

MERINO, B. (1913). Adiciones a la flora de Galicia. *Brotéria Ser. Bot.*, **XI**: 182-201.

PAU, C. (1921). El herbario de Planellas. *Brotéria, Sér. Bot.*, **19**: 49-65.

PAU, C. (1924). El herbario de Planellas. *Brotéria, Sér. Bot.*, **21**: 43-82.

QUINTANILLA, L.G. & AMIGO, J. (1998). Mapa 41 (adiciones) *Hymenophyllum tumbrigense* (L.) Sm. Asientos para un atlas corológico de la flora occidental. 25. *Fontqueria*, **52** (en prensa).

RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1997). Orquídeas de Ourense. Un bello, irrepitible y oculto patrimonio natural de la provincia. *Auria*, **5**: 33-36.

ROMERO, M.I. & AMIGO, J. (1992). Apuntes sobre la flora gallega-XII. *Boletim da Sociedade Broteriana*, **LXV**: 195-203.

SILVA PANDO, F.J. & FERNÁNDEZ CARVAJAL, M.C. (1987). *Juncus capillaceus* Lam. Nuevo para la flora europea. *An. Jard. Bot. Madrid*, **43** (2):464-465.

TALAVERA, S. (1990). *Silene L. In: Castroviejo, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica*, **II**: 313-406.